



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade Humanidades

Curso Académico: 2021/2022

Aprobación Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades: 8 de xuño de 2023
Informe técnico pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización: 12 de xullo de 2023
Aprobación Xunta de Facultade de Humanidades: 19 de xullo de 2023
Aprobación Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno: 22 de abril de 2024

Índice

1. Introducción	Erro Marcador non definido.
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	7
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	7
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	13
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	16
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	21
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	24
Directriz 6. Información pública.....	25
3. Plan de Melloras do centro	27
4. Modificacións nos diferentes títulos	38
5. Listaxe de evidencias e indicadores	48

1. Introducción

A Facultade de Humanidades considera de suma importancia procurar a calidade no contexto universitario co obxecto de garantir programas formativos que sexan adecuados para responder ás demandas da excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades diseña a súa propia política establecendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que fagan da xestión da calidade un elemento estratéxico para cumprir co compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades, correspondente ao curso 2021- 2022, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle toda a información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade de Humanidades e ao plan de melloras do centro para o curso 2022-2023, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos non suspendidos. Tanto no Mestrado en Servizos Culturais como no Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (en proceso de extinción) e no implantado recentemente Grao en Xestión Cultural non se produciron incidencias con respecto á atención aos/ás alumnos/as durante o período lectivo nin tampouco durante os procesos de avaliación, xa que se respectaron as normas establecidas pola USC no relativo a ambos procesos.

1.1 Estrutura do centro para o desenvolvemento do SGC

A estrutura da Facultade de Humanidades para o desenvolvemento do SGC aparece recollida de forma ampla no Manual de Calidade da Facultade de Humanidades e consta dos seguintes elementos/responsables:

- 1º O Equipo de Dirección.
- 2º A Comisión de Calidade do Centro.
- 3º O Responsable de Calidade do Centro.
- 4º O Comité Consultivo Externo.
- 5º As Comisións dos títulos.
- 6º O/A Coordinador/a de título.
- 7º O Coordinador de Calidade.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados con desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades ([chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/documents/2021-05/Manual-de-Calidade-Facultade-de-Humanidades.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/documents/2021-05/Manual-de-Calidade-Facultade-de-Humanidades.pdf)) que foi aprobado na Xunta de Facultade celebrada o 23 de xullo de 2019.

A Comisión de Calidade é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do SGC e dos seus logros. As súas funcións, entre outras, son as seguintes:

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC da Facultade.
2. Elaborar e propoñer á Xunta de Facultade, para a súa aprobación a Memoria de Calidade do Centro.

3. Ser a interlocutora coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da/o responsable de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na Facultade.
4. Todas aquelas outras función relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC.
5. En relación cos títulos de Grao e Mestrado, e dentro do ámbito da Calidade, a Comisión de Calidade terá as seguintes funcións:
 - Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao e mestrado adscritos á Facultade e de propostas de mellora.
 - Analizar a información proporcionada polos/as coordinadores/as dos graos e o/a responsable de calidade para levar a cabo o seguimento dos títulos.

A Composición da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades é a seguinte:

- O/a decano/a ou persoa en quen delegue.
- O/a responsable de calidade do Centro.
- Os/as coordinadores/as dos títulos de grao e mestrado impartidos no Centro.
- Os/as docentes que o/a decano/a considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade nun número máximo de catro, para o funcionamento axeitado do SGC.
- O/a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento.
- Dous/dúas alumnos/as de grao e dous/dúas de mestrado.

Durante o curso 2021/2022 a Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades celebrou as seguintes reunións:

- Data: 2/11/2021
 - o Carácter: ordinario
 - o Puntos na orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta das reunións anteriores.
 2. Aprobación, se procede, da solicitude de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021.
 3. Asuntos de trámite.
 4. Rolda aberta de intervencións.

- Data: 29/11/2021
 - Carácter: ordinario
 - Puntos na orde do día:
 1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
 2. Aprobación, se procede, da proposta de modificación non substancial do Máster Universitario en Servizos Culturais para implantar no curso 2022/2023
 3. Asuntos de trámite.
 4. Rolda aberta de intervencións.
- Data: 18/03/2022
 - Carácter: ordinario
 - Puntos na orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
 2. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Seguimento do Máster Universitario en Servizos Culturais 2020/2021.
 3. Aprobación, se procede, da distribución orzamentaria da axuda de boas prácticas de calidade.
 4. Asuntos de trámite.
 5. Rolda aberta de intervencións.
- Data: 14/06/2022
 - Carácter: ordinario
 - Puntos na orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
 2. Aprobación, se procede, do borrador da Memoria de Calidade da Facultade 2020/2021
 3. Aprobación, se procede, da modificación da guía sobre a modalidade semipresencial.
 4. Asuntos de trámite.
 5. Rolda aberta de intervencións.

De cada unha destas reunións levántase a acta correspondente á que se adxunta toda a documentación tratada e/ou sometida á aprobación durante as mesmas. Estas actas da Comisión de Calidade e documentación adxunta consérvanse en papel no arquivo de oficina da Secretaría do Decanato para a súa consulta por parte do PDI, PAS e alumnado da Facultade de Humanidades.

1.2 Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade do curso 2021-2022

O proceso de elaboración da presente Memoria de Calidade do curso 2021-2022 iniciouse o 09 de febreiro de 2023 cando a responsable de Calidade da Facultade de Humanidades recibiu un correo electrónico no que figuraba como adxunto un documento denominado “Calendario de actividades de Calidade 2022-2023”.

Neste mesmo correo se precisa que a principal novidade este ano consiste en que a documentación pode xerarse directamente mediante a aplicación informática AASX, onde tamén se atopan os indicadores de referencia (<https://aplicacions.usc.es/aasx/web/index.htm>):

- Modelo de informe de seguimento/acreditación.
- Informe de accións de mellora.
- Informe de indicadores.

A Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades, aprobada pola Comisión de Calidade de Centro na súa reunión do 8 de xuño de 2023, foi revisada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos quen remitiu o seu informe o 12 de xullo 2023, previa á súa aprobación definitiva pola Xunta de Facultade na sesión do 19 de xullo de 2023.

1.3 Ámbito de aplicación do SGC

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2021-2022 abrangue as titulacións impartidas na Facultade de Humanidades e a todos/as os/as membros da mesma, isto é, alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vencellados á Facultade durante o curso 2021-2022 foron os seguintes:

- Grao en Lingua e Literaturas Españolas (L). En proceso de extinción.
- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (modalidade presencial e semipresencial). En proceso de extinción.
- Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial e semipresencial). Implantación do 1º Curso.
- Máster Universitario en Servizos Culturais (modalidade semipresencial).

Con respecto ao grupo de docencia do Grao en Lingua e Literatura Españolas, como xa se especificou na Memoria de Calidade 2020-21, se trata dun título que pertence á Facultade de Filoloxía do Campus de Santiago de Compostela, sendo este centro o responsable desta titulación da que elabora os informes de seguimento e acreditación nos que se inclúen os datos correspondentes á aula B de dito Grao da Facultade de Humanidades. A titulación, que iniciara o seu proceso de extinción no curso 2018-2019, culminou no curso 2021-2022. Con respecto ao grupo de docencia do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, esta titulación pertencente á Facultade de Humanidades iniciou a súa extinción dende o curso 2021-2022 cando deixou de ofertarse e culminará no curso 2023-2024 onde só se impartirá cuarto curso de dito Grao. No relativo ás titulacións oficiais adscritas á Facultade de Humanidades, a principal novidade no curso 2021-2022 consistiu no inicio do título oficial do Grao en Xestión Cultural, unha vez que este foi oficialmente recoñecido coa súa publicación no Boletín Oficial do Estado número 219 do luns, 13 de setembro de 2021 a través da resolución do Ministerio de Universidades do 30 de agosto de 2021 na que se establecía, entre outros, o carácter oficial do Grao en Xestión Cultural e a súa conseguinte inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos. Como consecuencia de todo o anterior, o Grao en Xestión Cultural, iniciou o seu primeiro curso no 2021-2022, e continuará coa implantación do segundo ano no curso 2022-2023, substituíndo ao Grao en

Ciencias da Cultura e Difusión Cultural que continúa o procedemento de extinción iniciado no curso 2021-2022.

A Facultade de Humanidades ten un SGC propio (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade>). Ademais dos documentos que configuran o SGC da Facultade (Manual do Sistema de Calidade e o Manual de Procesos, dispoñibles en: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade/documentacion-sgc>) e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, considérase documentación de referencia a que se cita a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural: <https://cutt.ly/vxESgsR>
- Memoria do Grao en Xestión Cultural: [https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/plan/2021-09/Xestion%20Cultural 2021 22.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/plan/2021-09/Xestion%20Cultural%202021%2022.pdf)
- Memoria do Máster Universitario en Servizos Culturais: [chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/plan/2021-09/Servizos%20Culturais %283%C2%AAed%29 2015 def.pdf](chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/plan/2021-09/Servizos%20Culturais%20283%C2%AAed%29%202015%20def.pdf)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Humanidades: <https://pro-assets-usc.azureedge.net/sites/default/files/documents/2022-05/Regulamento%20R%C3%A9xime%20Interno.pdf>

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A vixencia da política de calidade.

A política de calidade da Facultade de Humanidades, incluída no Manual do SGC e enmarcada dentro da política de calidade da USC, aparece desenrolada no Sistema de Garantía de Calidade (SGC). Conforme ao estipulado na Memoria de Calidade do pasado curso, no curso 2021-2022, e antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos, a Comisión Redactora do Título de Grao, na súa xuntanza do 1 de xuño de 2021, fixo unha revisión exhaustiva dos contidos, metodoloxías e sistemas de avaliación que figuran nas programacións docentes do primeiro curso, de conformidade co establecido na Memoria de Verificación. Débese facer mención novamente a que se está a valorar o primeiro curso de recente implantación do grao en Xestión Cultural. Neste sentido, indicáronse os casos nos que se precisaba facer modificacións para axustalos ao establecido na Memoria, coa finalidade de realizar as adaptacións necesarias. Dende a coordinación do Grao comunicouse vía e-mail aos departamentos afectados, para que procedesen a modificalos antes da súa aprobación na Xunta de Facultade do 11 de xuño de 2021.

No relativo ao Máster en Servizos Culturais, convén salientar a continuidade e execución das accións de mellora establecidas en anteriores informes, dirixidas á modificación e actualización do plan de estudos. Do mesmo xeito continúaase coa renovación da metodoloxía de docencia síncrona a través de MsTeams. Por outra banda, convén indicar as dificultades existentes para promover a mobilidade do alumnado. A duración do máster respecto doutros títulos de máster internacionais (de 75 ou 120 créditos, en lugar de 60) dificulta o encaixe da mobilidade. Ademais, a presenza dunha importante porcentaxe de alumnado activa laboralmente durante o período de realización da formación revelouose evidente durante o curso 2022-2023. Perante a negativa, por parte da Vicerreitoría de Titulacións, a autorizar unha mobilidade Erasmus solicitada por unha

alumna ao amparo do convenio, existente e en vigor, co Mestrado em Gestão das Indústrias Culturais da Universidade Católica do Porto; e aínda que neste curso aínda se mencionou a posibilidade desta mobilidade nas dúas Accións de Mellora que implican un contacto directo cos estudantes do MSC (titoría individualizada e vídeo de presentación inicial), a negativa por parte da institución para autorizar esta mobilidade fai que este sexa o último curso en que se fai mención desta posibilidade. Ambas as circunstancias explican os datos obtidos neste apartado e que se recollen no IN18M. Finalmente, como parte da estratexia de captación de alumnado internacional, establecéronse dúas accións, consistentes na elaboración de material audiovisual sobre o máster para difusión internacional. Esta actividade conta con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. O vídeo do MSC pode localizarse individualmente aquí (pero non permite descarga): <https://usc-opensday-2022.webflow.io/22-febrero> . A segunda das accións consistiu na participación en xornada de portas abertas (22 de febreiro) mediante webinar, en conxunto con outros másters da mesma área de estudos, abertos a consulta de dúbidas: <https://www.youtube.com/watch?v=GKvuXbfKEaY>

A evolución e cumprimento do plan estratéxico do centro.

A finalidade deste documento é a de, partindo da análise da situación actual do centro, establecer os obxectivos estratéxicos a conseguir a medio prazo e as medidas para acadalas. Despois de terse suprimido os dous graos impartidos na Facultade (Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e o grupo de docencia do Grao en Lingua e Literatura Españolas), esta situación deixou sen sentido o establecemento dunha estratexia global que debe xirar en torno das titulacións que se implanten. Polo tanto, neste momento a Facultade de Humanidades conta co Plan Estratéxico Ponte elaborado durante o curso 2020 (referido neste mesmo apartado da Memoria de Calidade do anterior curso 2020-2021), con vixencia ata o ano 2022, cando a Universidade de Santiago de Compostela tiña previsto presentar o seu Plan Estratéxico e co que, necesariamente, terá que estar encadrado o novo Plan Estratéxico que a Facultade de Humanidades elabore a partir desa data. Polo tanto, durante o curso 2021-2022 a Facultade de Humanidades se mantivo dentro do Plan Estratéxico Ponte, e que se manterá vixente en tanto a USC non elabore o seu Plan Estratéxico. Recórdese que a Memoria do Grao en Xestión Cultural foi tomada como un documento máis de referencia para a análise da Facultade de Humanidades. No apartado de “Oportunidades” da análise DAFO realizada, os/as enquisados destacaban a importancia deste novo título para o futuro da Facultade de Humanidades e tamén nalgunha das liñas estratéxicas.

Ata o momento a USC non aprobou un novo Plan Estratéxico para o seguinte período, e como as liñas e obxectivos do Plan Estratéxico do centro deben estar aliñados con algún dos que figuren nel, neste momento non se está elaborando un novo plan estratéxico na Facultade de Humanidades.

A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

Ao longo do curso 2021-2022 a Comisión Académica e de Título, a Comisión de Mestrado en Servizos Culturais, a Comisión de Título de Grao en Xestión Cultural e a Comisión de Calidade seguiron desenvolvendo e implantando, segundo o establecido, todos os mecanismos para a recollida de información, para detectar e analizar as debilidades, propoñer as accións de mellora, implantalas e facer seguimento das mesmas. O mecanismo empregado para tratar estas cuestións radica fundamentalmente na celebración de reunións periódicas das citadas comisións das que se levanta acta e á que se adxunta toda a documentación acreditativa dos temas tratados nas mesmas coa finalidade de facilitar a súa consulta para a elaboración dos informes de seguimento. Durante o curso 2021-2022 os temas tratados nas reunións das citadas comisións foron os seguintes:

- Informes do/a coordinador/a sobre a implantación e o estado de execución das accións de mellora.
- Deseño dun plan de campaña de difusión do Grao en Xestión Cultural e de captación de alumnado.

- A asignación das prácticas de empresa ou o recoñecemento das mesmas por experiencia profesional.
- Os informes remitidos dende diversos órganos da Universidade de Santiago de Compostela, en especial dende a Secretaría Xeral, ás consultas realizadas polas distintas comisións.
- A revisión e aprobación dos programas das materias para o curso 2022-2023.

Por parte da Comisión de Calidade, dirixidos polo espírito das prácticas de mellora, cómpre salientar a proposta de elaboración dun documento de boas prácticas, unha “Guía sobre a modalidade semipresencial para o alumnado da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo”, recoñecido como “Boa práctica”, incorporándose ao “Repositorio de Boas Prácticas” da USC, na convocatoria feita dentro do “Plan de Melloras Bianual 2021-2022” da USC. [<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade/documentacion-sgc>]. Nesta mesma Política de Calidade podería considerarse a solicitude feita á Secretaría Xeral da USC para autorización coa finalidade de concentrar dous exames nun mesmo día no calendario de exames da modalidade semipresencial, atendendo á demanda do alumnado desta modalidade para favorecer a conciliación entre a súa vida laboral/familiar e a actividade académica presencial.

Desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro.

En relación ao Plan de Melloras Anual do Centro, a Facultade de Humanidades ten implementado algunhas que proceden do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, en proceso de extinción, das recollidas na Memoria do Grao en Xestión Cultural, aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades para a súa implantación no curso 2021-2022, e das que se recollen no Plan Estratéxico Ponte da propia Facultade 2021-2022. Dende o curso 2017- 2018 non se realiza o informe de seguimento do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, polo que a análise de se o SGC permite introducir melloras nos títulos, no seu seguimento, na consecución dos seus obxectivos e na inclusión de recomendación no seguimento e acreditación refírense ao Mestrado en Servizos Culturais, ao Grao en Xestión Cultural e ás contempladas no Plan Estratéxico Ponte 2021-2022.

En relación á elaboración do Autoinforme de Seguimento do curso 2021-2022 correspondente ao Mestrado en Servizos Culturais, este foi aprobado na reunión Ordinaria da Comisión do Título celebrada o 15 de marzo de 2023. Con respecto a este informe cómpre salientar o seguinte:

- Proséguese desenvolvendo e implantando, segundo o establecido no SGIC, os mecanismos para a recollida de información, a detección e análise das problemáticas e debilidades, as propostas de accións de mellora para subsanalas, a súa implantación e seguimento.
- Proseguíuse coa execución das Accións de Mellora, especialmente con aquelas relativas á reforma menor (modificación non substancial) do Plan de Estudos mediante a supresión dunhas materias optativas e a introdución doutras (Actas das reunións celebradas o 15 de outubro de 2021; 15 de novembro de 2021; e 29 de novembro de 2021); simplificación do procedemento para o cálculo numérico da nota na exposición e defensa dos TFM (Reunión do 24 de febreiro de 2022); renovación da mesma Comisión Académica mediante a incorporación de 18 de 47 representantes de alumnado (Reunión do 15 de outubro de 2021); dar solución ás posibles problemáticas derivadas de situacións de emerxencia e que poidan afectar á defensa dos TFM (Reunión do 24 de setembro de 2021) e a confección de tribunais únicos para a súa avaliación (reunión 25 de xaneiro de 2022).
- Participouse na convocatoria de boas prácticas da USC coa “Guía sobre a modalidade semipresencial para o alumnado das titulacións da Facultade de Humanidades, USC” (2 de novembro de 2021), que

foi seleccionada como boa práctica na convocatoria do curso 2021-2022 (Reunión da Comisión de Calidade do 18 de marzo de 2022). Finalmente, como xa se referiu no anterior epígrafe, propúxose modificar un dos apartados da “Guía sobre a modalidade semipresencial para o alumnado das titulacións da Facultade de Humanidades, USC” en relación á concentración de exames para o alumnado semipresencial (Reunión do 14 de xuño de 2022).

En relación ao Grao en Xestión Cultural cómpre salientar que durante o curso 2021-2022 realizouse o primeiro Autoinforme de Seguimento Anual no Grao de Xestión Cultural (aprobado na reunión Ordinaria da Comisión do Título celebrada o 28 de marzo de 2023), documento que sitúa ao título dentro dos procedementos que permitirán avaliar e mellorar a política de calidade de conformidade co SGC da Facultade de Humanidades. Debe deixarse constancia de que para confeccionar as Accións de Mellora recollidas neste primeiro autoinforme:

- Contouse coa contribución dos membros da Comisión do Título, así como unha valoración conxunta de todo o profesorado con encargo docente, coa fin de recoller propostas de mellora.
- Mediante a acción común do coordinador do título e do coordinador de primeiro curso, estableceuse un contacto constante co alumnado para facilitar a transmisión de posibles queixas e suxestións de mellora.
- Elaboración de dúas enquisas propias e anónimas, publicadas a través da aula de coordinación, para coñecer as motivacións da matrícula no título, así como as primeiras valoracións. A segunda focalizouse na valoración global da satisfacción do alumnado e nela se ofrecía a posibilidade de achegas de mellora: comentarios, observacións, suxestións sobre o desenvolvemento do primeiro curso do Grao en Xestión Cultural.

Do mesmo xeito, tamén se debe deixar constancia de que ao tratarse do primeiro Autoinforme de Seguimento, o seguimento comezará a facerse efectivo a partir do vindeiro curso.

En resumo e como consecuencia de todo o exposto, o SGC é unha ferramenta fundamental no proceso de introdución de modificacións e que permite acadar moitos dos obxectivos plantexados e que, polo tanto, proséguese executando moitas das accións de mellora adoptadas en cursos anteriores e outras novas.

A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Cómpre destacar que durante o curso 2021-2022 incorpórase un novo título aos xa ofertados pola Facultade de Humanidades, continuándose en paralelo co proceso de extinción do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural.

Neste sentido, en relación co novo título do Grao en Xestión Cultural, o seu primeiro Autoinforme de Seguimento Anual constitúe unha primeira aportación relevante para integrar este título dentro dos procedementos para avaliar e mellorar a súa calidade establecidos no SGC da Facultade de Humanidades. Mais cómpre sinalar que o feito de que este sexa o primeiro Autoinforme de Seguimento Anual do título, e que nel se recollan as primeiras Accións de Mellora deseñadas dentro dos procedementos do SGC, motiva que non haxa moitas valoracións que se poidan facer neste apartado. Os mecanismos para a elaboración deste Autoinforme de Seguimento, seguen as pautas recollidas no Manual de Procesos do SGC da Facultade de Humanidades. Confíase en que as Accións de Mellora propostas poidan ser eficaces. Non obstante, o

seguimento deste Plan de Melloras comezará a partir do Autoinforme do vindeiro curso. Compre dicir que o Informe de seguimento do Grao en Xestión Cultural será público e estará dispoñible na web da Facultade, unha vez sexa aprobado pola Comisión de Calidade e Xunta de Facultade, o cal permitirá a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

No relativo ao Máster en Servizos Culturais no curso 2021-2022, elaborouse e aprobouse o Informe Seguimento do Máster (2020/2021). Iniciouse e continuouse coa implementación de moitas das accións de mellora. Modificouse a composición da mesma Comisión Académica do Mestrado. Implantouse un novo formulario para o cálculo da nota no acto de defensa dos TFM a fin de facelo máis doado. Todas estas accións quedan reflexadas, como se expón, nas propias actas da Comisión Académica do Máster e nas propias accións de mellora. En consecuencia, a atención a estas accións permite sinalar que o SGIC é unha ferramenta fundamental na introdución de modificacións, que se acadaron moitos dos obxectivos plantexados e que se seguiron moitos dos aspectos que se debaten na propia Comisión e outros derivados do proceso de acreditación durante o curso 2018/2019.

Procederase a revisar e actualizar o Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, incorporando varias modificacións que afectan tanto a estrutura organizativa do centro como ao mapa de procesos derivado da actualización realizada pola USC. As modificacións realizadas pola Universidade céntranse nun novo mapa de procesos que se concretan en 12 epígrafes institucionais que están reflectidos nos apartados 4 ao 6 do Manual. Esta revisión concretarase nunha acción de mellora.

A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

No curso 2021-2022 a Comisión do Mestrado en Servizos Culturais, a Comisión de Título de Grao e a Comisión de Calidade proseguiron coa recollida de información, a detección e análise das debilidades, a proposta de accións de mellora, a súa implantación e cumprimento. A forma de abordar todas estas cuestións consistiu na celebración dunha serie de reunións periódicas tanto ordinarias, por norma xeral de carácter mensual, como extraordinarias cando as circunstancias ou a urxencia do tema a resolver así o aconsellaban. En todas as reunións levántase acta das mesmas e á que se adxunta toda a documentación acreditativa dos temas abordados. Durante o curso 2021-2022 as cuestións tratadas nas reunións da Comisión do Mestrado, na Comisión de Título de Grao e na Comisión de Calidade poden resumirse nas seguintes:

- Informe da Coordinadora a comezos de curso sobre número de matriculados, procedencia xeográfica e formativa, celebración da xornada de benvida e titoría individualizada do alumnado etc.
- Informe da Coordinadora sobre o estado de execución das accións de mellora.
- Aprobación das liñas temáticas dos TFM, da asignación de titores, de prórrogas e do calendario de solicitude e defensa do TFM.
- Aprobación dos cambios de título de TFM solicitados polo alumnado, previo acordo co titor do mesmo. -
- Aprobación das solicitudes de recoñecemento/validación de materias.
- Aprobación das adscricións das materias.
- Aprobación da convocatoria de prácticas externas.
- Aprobación das solicitudes de matrícula a tempo parcial.
- Aprobación do número de prazas ofertadas para o curso 2022-2023.

Polo que se refire á Comisión de Título do Grao en Xestión Cultural, compre salientar a tarefa levada a cabo na procura da implicación dos distintos grupos de interese na Política de Calidade do centro e do título. Proba da labor, é que se cubriron tódalas prazas de representantes do alumnado na Xunta de Facultade. Deste xeito, a Comisión do Título de Grao en Xestión Cultural e a Comisión de Calidade contan coa representación do alumnado. Á difusión reiterada do proceso electoral entre o alumnado e a incidencia na importancia da súa participación nos órganos responsables da Política de Calidade do centro e do título favoreceron a implicación deste grupo de interese, como parte importante dentro do proceso de mellora calidade do título. En relación coa recollida de información, a través da labor das coordinacións do título e de primeiro curso se estableceu un contacto constante co alumnado para facilitar a transmisión de posibles queixas e suxestións de mellora. Outra das canles foi a segunda enquisa anónima de elaboración propia xa comentada na que se ofrecía a posibilidade de facer chegar calquera tipo de comentario, observación e suxestión sobre o desenvolvemento do primeiro curso do Grao en Xestión Cultural.

Ademais, revisáronse os programas da materias de segundo curso, a implantar durante o ano académico 2022- 2023, na modalidade presencial e semipresencial, coa finalidade de comprobar e garantir que recollían os requisitos establecidos na Memoria do Grao (Reunión da Comisión de Título do Grao en Xestión Cultural, do 25 de maio de 2022). Tamén se realizou o correspondente coa programación do Máster en Servizos Culturais (Reunión do 20 de maio de 2022).

Por outra parte, durante o curso 2021-2022 a Comisión do Mestrado elevou varios escritos dirixidos a diferentes órganos da USC. Estes escritos teñen como obxecto resolver determinadas cuestións de índole legal xurdidas en relación a diversos aspectos relativos ao funcionamento do Mestrado. Nestes casos o decano, por acordo da propia Comisión do Mestrado, elabora unha instancia na que explica de xeito claro e pormenorizado as circunstancias que motivaron a solicitude dun informe por parte dalgunhas vicerreitorías ou servizos/áreas dependentes das mesmas, isto é, data da comisión, asunto/s tratado/s e acordo xustificado do mesmo. Esta instancia é dirixida mediante o sistema de rexistro ao órgano competente. Unha vez recibido o informe, este é trasladado polo propio decano á Coordinadora do Mestrado quen informa do contido e sentido do mesmo na seguinte reunión.

Durante o curso 2021-2022 realizáronse as seguintes consultas:

- Escrito do 26 de xaneiro dirixido á Vicerreitoría de Organización Académica da USC, en que se denuncia a perda de prazas para alumnado estranxeiro debida á non aplicación en termo do requisito de idioma establecido por cada título.
- Escrito do 26 de xaneiro de 2022 dirixido á Vicerreitoría de Organización Académica sobre a necesidade de que o alumnado chinés que acceda ao Mestrado en Servizos Culturais acredite a competencia lingüística ou ben que sexa a propia USC quen o acredite mediante un exame.
- Informe dirixido á Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional o 4 de novembro de 2021 en relación ao desenvolvemento da docencia nas titulacións de grao e mestrado na Facultade de Humanidades.
- Escrito do 10 de decembro de 2021 dirixido á Secretaría Xeral da USC solicitando o cambio de data dunha materia, previamente acordado por todo o alumnado da modalidade semipresencial matriculado na mesma.

O Decano da Facultade de Humanidades comprométese a facer o seguimento dos resultados do escrito. En relación ás queixas manifestadas polo alumnado, e tal e como se destaca no Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Servizos Culturais 2021-2022, todas elas foron atendidas e trasladadas pola propia Coordinadora á Comisión do Mestrado onde foron debatidas e resoltas con éxito, como se pode comprobar

mediante a lectura das actas da comisión, en que se deixou constancia da existencia de cada unha das achegas e mais do debate sobre elas. No Autoinforme de Seguimento do Grao en Xestión Cultural non se recollen queixas.

Os mecanismos de recollida de información sobre a opinión dos diversos grupos de interese son organizados a diferentes niveis:

- Para os colectivos de PDI, PAS, estudantes e egresados cóntase coas enquisas elaboradas e realizadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC que mostran a veces baixas taxas de participación a pesares dos grandes esforzos realizados para motivar aos diferentes grupos de interese.
- Os representantes do estudantado nos diferentes órganos de goberno do centro é outra maneira de recoller información. É de destacar o importante incremento no número de representantes dos estudantes nestes órganos e tamén da súa participación e intervencións nas distintas reunións.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Adequación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.

Durante o curso 2020-2021 tivo lugar a aprobación da Memoria do Grao en Xestión Cultural, sendo implantado durante o curso 2021-2022 o primeiro curso do novo Grao en Xestión Cultural. Recórdase que en paralelo a implantación do Grao en Xestión Cultural, irase extinguindo o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural a partir do curso, iniciando o primeiro curso deste Grao esa extinción no ano académico 2021-2022.

Accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

As evidencias das que se dispoñen para o curso 2021-2022 permiten afirmar que durante o mesmo seguíronse aplicando os procedementos no relativo ao deseño, á revisión periódica e á mellora dos programas formativos.

Polo que se refire ao Grao en Xestión Cultural, aprobado no curso 2020-2021, a Comisión Académica e de Título, despois de ter enviada a todo o profesorado a memoria do Grao coas correspondentes fichas das materias (reunión do 21 de abril de 2022), procedeu á revisión dos programas das materias de segundo curso na reunión celebrada o 25 de maio de 2022 a fin de comprobar/detectar erros nos programas. Nesta mesma reunión se informa do envío de varios correos aos departamentos para corrixir os erros.

No que atinxe ao Mestrado en Servizos Culturais durante o curso 2021-2022:

- proséguese facendo seguimento e executando moitas accións de mellora procedentes de cursos anteriores.
- revisáronse os programas de todas as materias para o curso 2022-2023 (Reunión do 20 de maio de 2022).

No correspondente á orientación do alumnado do mesmo Mestrado cómpre destacar as seguintes accións:

- celebración dunha xornada de benvida na que se explican os aspectos máis destacados do título. Esta xornada é celebrada de modo presencial e tamén mediante streaming para facilitar a máxima asistencia de todo o alumnado matriculado. Ademais esta sesión é gravada e posta a disposición de todo o alumnado mediante a aula de coordinación do Mestrado.
- realización dunha titoría inicial individual de cada alumno e que prosegue ao longo do curso por parte dos docentes de cada materia.
- proporciónase tamén información sobre as liñas temáticas do Mestrado e das prácticas externas, así como unhas directrices sobre o proceso de elaboración e defensa do TFM. Neste último aspecto cómpre destacar que dende a Coordinación deste título organízase unha sesión na que se explican os aspectos relativos á súa elaboración e defensa.
- finalmente, a comunicación coa Coordinación e profesorado por parte do alumnado realízase mediante diversas ferramentas tales como, entre outras, foros, correo electrónico e Microsoft Teams.

En canto ao perfil de ingreso do alumnado do Mestrado, os datos dos que se dispoñen permiten afirmar que se manteñen os mesmos indicadores:

en primeiro lugar, cubríronse practicamente todas as prazas por preinscrición tal e como se desprende do indicador (IN04M). Convén sinalar o feito de que unha das alumnas matriculadas tivera que anular a súa matrícula avanzado o curso, por causa da ausencia de competencia lingüística. Este precedente propiciou a suxestión enviada á Secretaría Xeral da USC co fin de solicitar acreditación lingüística previa á matrícula, que evitará una situación similar.

- séguese mantendo o mesmo número de prazas así como a interese polo título reflexada na demanda por parte de futuros/as alumnos/as (IN01M).
- Baixa a presenza de estudantes estranxeiros senón tamén daqueles que realizaron os seus estudos

no estranxeiro (IN08M e ID 12).

- aumenta tamén a porcentaxe de alumnado que non son titulados na USC, según se desprende do indicador IN13M.

En resumo todos estes datos permiten afirmar que a percepción do Mestrado por parte dos seu potenciais demandadores mantense non só entre os titulados na USC, senón tamén noutras universidades.

Dado que o primeiro curso do Grao en Xestión Cultural se implementou no ano académico 2021-2022 e ata pasados uns cursos non se disporá de datos sobre o mesmo, dende a Comisión Académica e de Título do mesmo estase a implementar unha serie de enquisas (Reunión da Comisión de Título de Grao do 15 de outubro de 2021) para averiguar datos como procedencia xeográfica, formativa, motivacións para matricularse no Grao, aspectos máis valorados do mesmo polo alumnado etc. que permitan ir subsanando as dificultades que poidan ir detectándose no proceso formativo e mellorar e perfeccionar os procesos de captación de alumnado.

En canto aos **resultados da aprendizaxe** do Máster previstos, os datos dos que se dispoñen permiten afirmar uns resultados positivos que se manteñen nos mesmos niveis ou incluso superiores aos do curso 2019-2020. A taxa de rendemento mellora fronte ao lixeiro descenso experimentado nos anteriores cursos (IN34M). Respecto á taxa de éxito (IN35M) mantense, como o ano pasado, case nun 100% o que sitúa ao Mestrado en Servizos Culturais dentro dos datos xerais da USC. Respecto á taxa de graduación (IN37M) esta experimenta un descenso que se pode percibir como posible consecuencia da autorización concedida pola Xunta de Galicia ao alumnado con bolsas BEME para titular en máis dun curso académico aínda que o máster que se curse sexa de 60 créditos. Tamén resulta satisfactorio o resultado da Taxa de avaliación, no que as cifras melloran, posicionándose por riba do 80%. No relativo a Taxa de Abandono os datos son positivos xa que a porcentaxe sitúase por debaixo do 20%.

No relativo ao Título de Grao en Xestión Cultural, compre insistir unha vez máis na novidade que supón a implantación deste primeiro ano. Por iso compre manexar con cautela estes datos, pois son os únicos cos que se conta ata agora. Haberá que agardar á evolución dos vindeiros cursos para ter unha referencia comparativa máis completa. Non obstante, pódese a seguinte valoración:

No referido aos datos que nos aportan os IN34G (Taxa de rendemento, 49.54%), o IN36G (Taxa de avaliación, 55.66%) e o IN35G (Taxa de éxito, 89.01%) evidénciase unha asimetría nos datos que debe ser interpretada tendo en conta que hai unha alta porcentaxe de alumnado que non se presenta ás probas finais, destacando que aqueles que si que o fan superan as materias nunha porcentaxe moi elevada. Respecto ao INF18 (taxa de rendemento nas distintas materias) e o INF19 (taxa de avaliación nas distintas materias) percíbese unha notable diverxencia nos resultados en canto a rendemento e avaliación nas distintas materias de primeiro curso. Así vemos que algunha materia ten unha taxa de rendemento do 80% mentres nalgunha outra é do 25%. Esta diverxencia derivase en realidade da gran disparidade na porcentaxe de alumnado que se presenta, porque o INF19 revela que hai materias ás que se presenta o 90% do alumnado, mentres que noutras non chega ao 30%. Na taxa de éxito hai moita máis homoxeneidade, tal e como se recolle no INF17. Neste sentido cómpre ter en conta a singularidade do perfil do alumnado do primeiro curso, especialmente na modalidade semipresencial, xa que maioritariamente responde ao perfil de persoas con responsabilidades e/ou familiares. Este dato xa ven reflexado na Memoria, polo que esta situación débese ter en conta na valoración das taxas de rendemento, tendo en conta que o ritmo de superación das materias deste grupo pode ser máis lento, ao ser compaxinado coas súas outras obrigas. A situación da modalidade presencial non é a mesma, polo que de manterse a tendencia deberanse estudar as causas.

Revisión e mellora dos Programas Formativos. Cumprimento das guías docentes.

Durante o curso 2021-22, e de acordo co PE-02 do Manual de Procesos de Centro, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas ao mesmo tempo que, tendo en conta os resultados obtidos e as necesidades dos diferentes grupos de interese, procedían á análise e avaliación das súas posibles modificacións. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do cumprimento da guías docentes de acordo cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

A docencia desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias, incluíndo os escenarios definidos no Plan de continxencia:

- Escenario 1: normalidade adaptada.
- Escenario 2: distanciamento.
- Escenario 3: peche das instalacións.

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación adaptáronse aos tres escenarios ademais de incorporar un Plan de continxencia que sería de aplicación no caso de que as autoridades competentes indicasen a necesidade de realizar, total ou parcialmente, as actividades docentes de maneira telemática.

Análise do perfil real de egreso

Non dispoñemos de datos para analizar a inserción laboral a nivel de título para este curso, ao igual que no curso pasado.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirilles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.

- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

A principal evidencia neste apartado procede do propio labor de interlocución e seguimento constante co alumnado dende o momento en que se matricula nos títulos impartidos na Facultade de Humanidades e que poden concretizarse no seguinte:

- celebración dunha sesión de presentación do título que é gravada e posta a disposición do alumnado na aula de coordinación.
- titoría inicial con cada alumno mediante a aula de coordinación e que prosegue ao longo do curso.
- información facilitada sobre as liñas temáticas dos TFM, do seu proceso de elaboración e defensa, do recoñecemento de prácticas externas por experiencia profesional etc.
- revisión das programacións docentes tanto do Mestrado como das materias implantadas no primeiro curso do Grao en Xestión Cultural.
- realización de enquisas de seguimento e satisfacción.

Toda estas cuestións aparecen recollidas en moitas actas das reunións da Comisión do Mestrado, Grao e da Comisión de Calidade, así como na documentación adxunta ás mesmas.

No tocante á defensa dos TFM, durante o curso 2021-2022, seguindo as indicacións do SXOPRA, a defensa dos TFMs pasou a ser presencial agás en dous casos, en que o alumnado solicitou que así fose. Neste senso o MSC aprobou unha modificación da normativa de defensa de TFMs segundo a cal, previa solicitude do alumnado e valoración da comisión do título se valora e acepta a defensa telemática. Ademais seguiu a indicación do ACSUG, contida no informe final de renovación da acreditación do MSC, en relación á posta en coñecemento do SGC por parte do estudiantado do máster. Efectuouse a través das titorías individuais e na sesión de presentación do título, gravada e posta a disposición do alumnado, a través da aula de coordinación do máster.

Análise das enquisas de avaliación da docencia

GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

O IN46G, sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida, ofrece uns bos resultados. Analizando os datos do INF13 sobre este aspecto, vemos que a valoración global é do 4.21. Ningún dos ítems da enquisa institucional da USC ten unha puntuación menor do 4.10. Esta valoración global media é superior á media da USC (4,07). Estes bos datos en canto á satisfacción do alumnado co proceso formativo tamén aparecían reflectidos nas enquisas de elaboración propia xa comentadas. A participación do alumnado nestas enquisas é do 29.79%. Este dato é baixo, pero non desentoa co da USC. Ademais da información institucional da USC, desde a Aula de Coordinación do título recordouse a importancia de cubrir estas enquisas e programáronse ao mesmo tempo as enquisas propias coa idea de incentivar a participación. Este é un problema xeneral entre o estudiantado universitario, que non percibe os efectos nin os resultados derivados destas enquisas, polo que a institución universitaria podería “dar unha volta” a estes procedementos. Por outro lado, o feito de que os resultados destas

enquisas de satisfacción sexan bos, tanto no título como en toda a USC, permitiría argumentar que a baixa participación poida responder a que o alumnado non detecta deficiencias importantes que necesite manifestar mediante estas enquisas institucionais. Mentres non cambie o procedemento, haberá que continuar dando a maior difusión posible aos prazos e á importancia de cubrilas.

No IN47G, sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, os resultados son bos. Analizando os datos recollidos no INF14 sobre este aspecto, vemos que a valoración global é 4.23. Unha das puntuacións máis baixas está no ítem “ Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases?” no que a media é de 3.86. Confiamos en que a Acción de Mellora GXC-02 poida contribuír a incrementar ese dato coa implementación de estratexias que faciliten a interacción entre o profesorado dun mesmo curso e unha boa organización dos prazos de entrega que favoreza a implicación do estudantado. A resposta á cuestión sobre material e servizos de apoio á docencia amosa unha elevada satisfacción (4.36), o que corrobora o indicado no § 5 sobre a adecuación dos recursos materiais dispoñibles para a docencia do título nas dúas modalidades. A participación é do 43.75%. O dato é aceptable, pero haberá que reforzar a comunicación recordando os prazos para cubrir estas enquisas e a súa relevancia. Respecto disto podería apuntarse que o PDI recibe moitas solicitudes para cubrir enquisas o que, se cadra, incide en que non sempre se discrimine a súa distinta importancia para os procesos de mellora da calidade.

Non están dispoñibles indicadores de satisfacción doutros axentes.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAI

Evidencia (identificación e denominación)	Comentario da evidencia, xustificativo da achega desta a unha valoración positiva
IN19M Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	O elevado grao de satisfacción do curso anterior descende, mais non existen queixas ou comentarios públicos do alumnado a respecto desta circunstancia (nada se informou no buzón de suxestións). Non parece posible deducir as razóns do descenso.
IN20 Satisfacción dos profesionais coas prácticas externas	Ascende a satisfacción do colectivo (dun 4,17 a un 4,75), síntoma de que estes/as lle ven cada vez máis sentido á evolución do título, este élle máis coñecido e parécelles máis útil.
IN21 Satisfacción dos académicos coas prácticas externas	Os datos non son actualizados.
IN23M Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Aumenta notablemente este indicador (de 3,20 a 3,90). Isto pode ser síntoma dunha cada vez máis correcta transmisión da información.
IN33M Satisfacción dos egresados cos servizos	O seu valor positivo xa foi comentado anteriormente (cfr. apartado dedicado ao persoal de administración e servizos).
IN46M Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	A cifra segue rondando o 4, cun descenso menor neste ano. O indicador mantense estable arredor desta cantidade, o que pode ser considerado positivamente, de termos en conta a condición de semipresencial do título.

<p>IN47M Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</p>	<p>A cifra mantense estable arredor do 4.25, lixeiramente superior á do curso pasado.</p>
<p>IN48M Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida</p>	<p>A taxa de resposta mellora moi lixeiramente, superando por pouco o 40% do total do alumnado. Sinaláronse en apartados anteriores as Accións de Mellora desenvolvidas para o avance da cifra e que deron como resultado un avance constante desde o curso 2016-2017, con algúns momentos máis baixos.</p>
<p>IN42M Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación</p>	<p>O grao de satisfacción continúa nunha lixeira liña de recuperación e arredor do 3,5 (3,55 este curso); a cifra debe ser entendida como positiva, nun máster de carácter non profesionalizante, oficial, diverso canto á entrada de alumnado que presenta e tamén canto ás áreas que compoñen o plan de estudos.</p>
<p>INF09 Satisfacción xeral dos egresados co máster (USC)</p>	<p>Os datos non se presentan desagregados por máster, senón conxuntamente de todos os títulos, polo que non parece posible a súa análise. Os datos procedentes de respostas abertas débense presentar diferenciando os diferentes títulos.</p>
<p>INF10 Satisfacción do PDI coas actividades formativas (USC)</p>	<p>Aínda que o dato é só relativamente pertinente (pois trátase da totalidade do PDI da USC) cómpre destacar o elevado nivel de satisfacción, sempre por enriba do 4,6 sobre 5 puntos. Aínda sendo así, as preguntas que se relacionan coa actualidade dos contidos e coa dimensión práctica destes en relación coa docencia son as que achegan datos menos elevados.</p>
<p>INF11 Informe de enquisa de satisfacción media do PAS coas actividades formativas</p>	<p>Como se comentou anteriormente, os datos son positivos nos niveis acadados.</p>
<p>INF13 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</p>	<p>Mellorou o nivel de participación na enquisa (ata máis dun 40% do alumnado) polo que se considera cumprida a directriz da ACSUG neste sentido na renovación da acreditación. Todos os ítems están por riba do 3,5 aínda que a media descendeu lixeiramente. Os aspectos ligados ao compromiso do/a docente coa materia e coa alumnado están por riba de 4.</p>
<p>INF14 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</p>	<p>Todos os ítems están por riba de 4 agás os tres primeiros, relacionados coa actitude do alumnado cara ás materias e cos coñecementos previos e o relativo á coordinación entre as distintas materias. A este respecto sinaláronse anteriormente os mecanismos postos en marcha para melloralas.</p>
<p>INF15 Acreditación de cualificación das materias do plan de estudos</p>	<p>Cómpre destacar a existencia unicamente dunha materia (e de carácter optativo, non obrigatorio) en que existe cualificación “Suspenso” (<i>Literatura e patrimonio: poder, memoria e lugar</i>) e as renuncias líganse en exclusiva ao Traballo Fin de Máster, o cal pode estar relacionado coa posibilidade que teñen agora as persoas con bolsa BEME para remataren</p>

a titulación durante o curso seguinte a aquel en que a comezasen. Son maioría as materias en que se outorga unha Matrícula de Honra e o número de Sobresalientes desenvolve tamén un papel importante na maioría delas. O número de Aprobados é tamén reducido na maior parte das materias, con algunha excepción, e nunca excede o 36% das persoas matriculadas. A diversidade de orientacións na cualificación é moi evidente e notable e pode ser posta en relación coa moi variada participación das diferentes áreas de coñecemento no título, mais os datos son globalmente satisfactorios.

INF21 Satisfacción do PAS da Facultade de Humanidades Os datos, anteriormente comentados, son positivos.

INF22 Satisfacción do alumnado coa titulación A pesar das medidas desenvolvidas, segue decaendo a participación, polo que a significatividade dos datos é máis que discutible. Destaca a boa valoración do PAS e das prácticas externas.

INF 23 Satisfacción do profesorado coa titulación O dato segue nas mesmas cifras que no curso anterior e é positivo (4,26 sobre 5).

Canto á valoración da dimensión “Os indicadores de satisfacción téñense en conta na mellora do plan de estudos”, o deseño das moi diversas, variadas e cuantiosas accións de mellora propostas desde o título permiten dar unha resposta a esta cuestión en termos positivos.

Como balance final podemos observar un sostemento na totalidade de indicadores do título, aínda que segue sendo deficitaria e débil a resposta do alumnado ao chamamento efectuado desde diversas instancias (correo institucional, presentación xeral do máster, titoría inicial personalizada) para que cubran as enquisas. Consideramos este feito unha consecuencia da sobreesaturación de enquisas de calidade que experimentamos nos últimos anos, en diversos formatos e para diversas funcións. Este aspecto aparece destacado, negativamente, no informe para a renovación da acreditación realizado pola ACSUG en 2018, en que en concreto se di o seguinte:

Destaca negativamente el bajo porcentaje de participación en las encuestas de satisfacción [...] El centro es consciente de ello [...] pero no se han encontrado evidencias de la elaboración de una acción de mejora”.

En canto as accións do Grao en Xestión Cultural orientadas á captación de alumnado, podemos destacar a activa participación nas iniciativas levadas a cabo dentro do Programa A Ponte co ensino non universitario da USC. Entre outras iniciativas, o coordinador do título, docentes do grao, ademais de estudantes dos últimos cursos, participan nas visitas que realizan estudantes da bacharelato de toda Galicia á Facultade, tamén estando presentes nos encontros virtuais con estudantes que non puideron asistir presencialmente, así como realizando charlas temáticas en diferentes institutos da xeografía galega.

Débase consignar a participación do Máster en Servizos Culturais na estratexia de captación de alumnado internacional desenvolvida, no curso 2021-22, desde a Vicerreitoría de Titulacións, e consistente nas seguintes accións:

Actividade 1: Preparación e gravación de material audiovisual sobre o máster (decembro de 2021) para difusión internacional, atendendo ás demandas do estudantado obxectivo. Esta actividade conta con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e la USC para o

desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i. O vídeo do MSC pode localizarse individualmente aquí (pero non permite descarga): <https://usc-opensday-2022.webflow.io/22-febrero>.

Actividade 2: Participación en xornada de portas abertas virtual (Artes e humanidades, 22 de febreiro) mediante webinar coa presentación de másters da mesma área de estudos, coa correspondente sesión de preguntas e respostas para resolver dúbidas dos programas ou dos procedementos de admisión internacional. A materialización da actividade, promocionada a través de mailing a 450K persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas, entre as rexistradas e as que participaron sen se ter rexistrado, 75 delas na rama de Artes e Humanidades.

A xornada completa pode ser visualizada aquí: <https://www.youtube.com/watch?v=GKvuXbfKEaY>

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico.

O profesorado que imparte docencia na Facultade de Humanidades atesoura un nivel de experiencia docente e investigadora esixido non só para a impartición das titulacións do centro, senón tamén para as modalidades nas que están implementadas. Esta afirmación parece vir corroborada pola evolución positiva nalgúns dos indicadores facilitados pola Área de Calidade. Neste sentido compre engadir que:

- As características do PDI con docencia no curso 2021/2022 aparecen recollidas na E15.

No caso do Grao en Xestión Cultural:

- 15 docentes tiveron encargo docente no primeiro curso, nas dúas modalidades. A figura máis representada é a de Profesor Titular. Segundo o indicador IN24G o 70% dos docentes contan con algún sexenio e o 75% son doutores, segundo o IN25G, sendo PDI funcionario o 43,75% (IN26G).
- Ata o momento non foi necesario sacar a concurso novas prazas de docentes, xa que cubriuse a carga docente co PDI dos outros títulos ofertados (IN32G)
- Segundo os datos recollidos no I6-I7, o 6,67% dos docentes na modalidade presencial e o 5,88% dos da modalidade presencial fixeron algún dos cursos ofertados no PFID en 2021/2022. A xustificación para estes datos baixos podería entenderse nalgunha medida polo feito de que unha gran parte da plantilla docente leva moitos anos impartindo clases en ambas as modalidades e en cursos pasados xa tiveron ocasión de facer algunha das actividades formativas do PFID. Para paliar esta situación propónse a Acción de Mellora GXC-04.

No relativo ao Máster de profesorado, non hai cambios significativos respecto ao ano pasado:

- A figura predominante segue a ser a de titular, con tres catedráticos/as tamén e varios contratados/as doutores/as e axudantes/as doutores/as. Canto ao persoal docente da USC, todo é de plantilla e estable.
- Presenza de persoas profesionais externas.
- Diversidade de áreas na conformación do título (E15)
- A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, descende lixeiramente (IN24M). Algo similar acontece coa porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total, descende lixeiramente (IN25M). En canto a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, aumenta lixeiramente (IN26M). Estes resultados probablemente poidan xustificarse nun contexto crecente substitución de docentes maiores por outros máis novos/as.
- Compre destacar unha elevada taxa de persoal estable e con mencións de calidade.
- Respecto a porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade (I10), esta respondeu a un 32%.
- En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M) se rexistra un lixeiro incremento (4,28 sobre 5).

Como xa se apuntou nas memorias anteriores, compre expor que na Facultade de Humanidades non existen departamentos e, nalgúns casos, as áreas son de carácter unipersoal polo que todo o profesorado imparte

docencia nas titulacións e asume a supervisión dos traballos de fin de grao e de mestrado. Sen embargo, como xa se adiantou nas Memorias de Calidade dos cursos 2019/2020 e 2020/2021, trala análise DAFO realizada dentro do proceso de elaboración do Plan Estratéxico Ponte 2021-2022 téñense detectado algúns aspectos que os docentes consideran prexudiciais para a formación e a mobilidade, para a actividade investigadora e mesmo para a xestión dos títulos. Entre estes aspectos podemos destacar a baixada do profesorado pola progresiva extinción da aula B do Grao en Lingua e Literatura Españolas e o conseguinte traslado deste profesorado ao Campus de Santiago de Compostela, o envellecemento da plantilla, a non existencia de departamentos, a falta de recursos, a fragmentación da docencia en dous cuatrimestres o que dificulta a posibilidade de realizar estadias de investigación ou a necesidade formativa con vistas á impartición do Grao en Xestión Cultural. Sen embargo, no mesmo informe no apartado de “Oportunidades” refléxase que o novo Grao en Xestión Cultural é visto como unha titulación que poida captar as cifras de alumnado que aparecen recollidas na Memoria de Grao e tamén a mesma posta en marcha do campus de excelencia internacional Campus Terra contéplase coma unha posibilidade en canto acadar financiamento para a docencia e investigación. No correspondente á participación do profesorado en programas de formación, non se aportan os datos (E16-17), descoñecéndose se se trata de que a participación foi inexistente. Neste caso convén destacar que o profesorado da Facultade de Humanidades amosa unha gran satisfacción coa formación á demanda que cada ano é deseñada polo coordinador técnico da modalidade semipresencial, posto que moitas das necesidades manifestadas teñen que ver con cuestións relativas a esta modalidade de impartición.

Por outra banda convén sinalar a imposibilidade de contar co PFID da USC para impartir unha formación avanzada en semipresencialidade. A consecución dun financiamento a través do Plan Estratéxico Campus Terra para esta formación axudará a paliar esta carencia.

O proceso PS-01 Xestión dos recursos humanos do SGC da Facultade de Humanidades ten como obxectivo a detección de necesidades de recursos humanos no centro así como as súas necesidades de formación. Cúmprese cos requisitos de recursos humanos establecidos nas memorias de verificación dos títulos.

Pódese considerar que o persoal académico que participa nos títulos que se imparten na Facultade de Humanidades é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada a través do programa de formación e innovación docente (PFID) da USC. Ademais, propoñeranse actividades de formación desde a Facultade cando se considera necesario.

Adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio.

En relación ao PAS, non se produciron modificacións na relación de postos de traballo (E16), e non se solicitan melloras. Haberá que agardar á progresiva implantación do Grao en Xestión Cultural en cuxa Memoria, tal e como se citou, sinalábase a previsión de dotar dun coordinador técnico da modalidade semipresencial e dun técnico de contidos dixitais. Neste sentido compre novamente destacar o compromiso do ATS da Facultade de Humanidades, nas cuestións técnicas de docencia semipresencial. Dado que as funcións de coordinación técnica na docencia semipresencial aínda non están ben articuladas no cadro de persoal da USC, a cooperación do ATS resulta imprescindible e a súa alta valoración reflicte nos resultados da seguinte enquisa na que opten unha media de satisfacción de 4,86 sobre 5. A implicación do PAS faise evidente pola elevada participación na Enquisa sobre satisfacción (66,67%), sendo a porcentaxe máis alta entre todos os centros da USC (INF21). Por outra parte a satisfacción do PAS coas actividades formativas (INF11) amosa uns moi bos niveis ao igual que cando son interrogados sobre a súa satisfacción (INF21). Nese mesmo INF21 se indica que a valoración global de satisfacción co traballo realizado é de 4,07/5.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Adequación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos.

O mantemento e mellora do equipamento dos diferentes espazos docentes da Facultade de Humanidades é unha tarefa permanente que se desenvolve de acordo co proceso PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos do SGC do centro, e que se planifica anualmente en función da dispoñibilidade económica a través das accións de mellora propostas.

En xeral cumprese cos requisitos de recursos materiais e servizos establecidos nas memorias de verificación dos títulos.

As infraestruturas e os recursos materiais postos a disposición do alumnado e o seu proceso formativo son, en xeral, adecuados para atender ás necesidades das titulacións impartidas no Centro.

Ao longo do curso 2021-2022, na procura da mellora do material de equipamento, que redundan na mellora

da calidade do servizo do centro, procede indicar que co orzamento propio do centro investiuse principalmente na actualización de equipos informáticos, en obra RAM, equipos audiovisuais, licencias software. , a cargo do orzamento se dispuxeron partidas para material de información e divulgación necesario para a difusión dos títulos, mobiliario e outros equipamentos, retribucións derivadas de cursos, conferencias e colaboracións, comunicacións, atencións protocolarias, axudas de custo e locomoción, gastos de reprografía e material ordinario inventariable.

No marco das partidas orzamentarias externas, con cargo ao Proxecto Auladix (Ministerio de Universidades) adquiríronse tres equipos informáticos completos para PDI. En canto ao convenio de financiamento da Xunta de Galicia, inclúese a dotación de material para o Laboratorio Interdisciplinar de Proxectos (antigo local de alumnos) para o cal se mercou diferente tipo de material como un canón de videoproxector, un tv co seu correspondente soporte, cámara, vídeo, trípode para cámara de vídeo, cámara web, trípode webcam, micrófono, auriculares, altavoces autoamplificados. Por último, e derivado do Convenio de Accións I+D. Acción 5.2.4. coa fin de mellorar e implementar os recursos materias destinados ás aulas do Grao en Xestión Cultural, mercáronse webcams, ordenadores, licenzas de software, dispositivos dixitalizadores, altavoces multimedia, auriculares, canóns videoproxectores, sistemas de megafonía, remodelación de espazos e TV con soporte para exposición.

Como se pode percibir, é a vontade da Facultade procurar a constante mellora das instalacións e servizos en beneficio do desenvolvemento dos seus títulos, pensando no ben común do alumnado e persoal do centro, dando resposta á cuestións como a accesibilidade ás novas tecnoloxías, e tamén progresivamente actualizando e implementando novos recursos. Sempre pendentes na procura de atender, coidar e satisfacer ás novas necesidades que se vaian presentando.

Directriz 6. Información pública

